

Nº	Módulos	Especialidade do profesorado	
		(A)	(B)
			-Debuxo publicitario -Composición ornamental -Estilización artística e colorido -Decoración elemental cerámica -Modelado e baleirado -Imaxinería castelá -Moldeaxe de figuras -Moldes -Adorno e figura

#### 4.5. Espacios e instalacións.

As condicións de espazo e instalacións que deben reuni-los centros educativos son as que fixa o Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se regulan os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanza artística.

Para os efectos do disposto no artigo 40.1º, parágrafos k), l), m) do real decreto anteriormente citado, os módulos do presente ciclo formativo clasifícanse nos seguintes puntos:

\* Teóricos:

-Historia da cerámica.

-Formación e orientación laboral.

\* Teórico-prácticos:

-Debuxo.

-Volume.

-Proxectos de cerámica artística.

\* Talleres específicos:

-Taller cerámico.

Espacio formativo	Superficie	Grado de utilización
Aula teórica	45 m <sup>2</sup>	15%
Aula teórico-práctica	80 m <sup>2</sup>	15%
Taller cerámico	60 m <sup>2</sup>	30%

#### 4.6. Relación numérica profesor/alumno.

De conformidade co establecido no artigo 44 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se regulan os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas artísticas, manterase unha relación numérica entre profesor e alumno non superior a 1/15 no módulo: taller cerámico. Ó resto dos módulos aplícaráselle a ratio máxima 1/30.

En función da dispoñibilidade de cada centro e sempre que sexa posible, tenderase a aplica-la relación 1/15 nos módulos impartidos nas aulas teórico-prácticas.

#### 4.7. Correspondencias.

Poderán ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral os seguintes módulos:

\* Taller cerámico.

\* Formación e orientación laboral.

Así mesmo, poderá quedar total ou parcialmente exento da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, quen acredite experiencia laboral no campo profesional directamente relacionado con este ciclo formativo.

#### 4.8. Distribución horaria.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo orgánzanse da seguinte forma:

Horas totais	Denominación dos módulos
	1º, 2º e 3º trimestre
130	Debuxo
290	Volume
345	Taller cerámico
130	Historia da cerámica
65	Horas de libre disposición
960	TOTAL
	4º, 5º e 6º trimestre
350	Taller cerámico
245	Proxectos de cerámica artística
65	Formación e orientación laboral
660	TOTAL
125	Proxecto final
105	Formación práctica en empresas, estudos ou talleres
230	TOTAL

### CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

*Decreto 80/2002, do 7 de marzo, polo que se establece o premio A empresa en favor da familia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, (DOG nº 118, do 20 de xuño), establece no artigo 3, que regula entre os principios rectores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de asistencia e protección á familia, no punto 2º, o impulso dunha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas e as dos seus membros, tales como a vivenda, a educación, a cultura, a saúde e o traballo, de xeito que lles permita acadar a plenitude do seu desenvolvemento e autonomía. Así mesmo, no punto 8º do referido artigo refírese ó fomento por parte dos poderes públicos da solidariedade e da sensibilidade social ante os problemas que afecten á familia.

No II Plan Integral de Apoio á Familia (1998-2001), estableceuse entre os obxectivos xerais protexer, promocionar e apoiar a unidade familiar co fin de mellorar a situación das familias galegas e dos membros que a compoñen, así como mellorar-lo contorno no que se desenvolven, cum-

prindo os principios básicos de equidade e redistribución social.

Actualmente, o modelo tradicional de familia está sufrindo un profundo cambio derivado das novas necesidades sociais e a incorporación da muller ó mundo laboral. A Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, reconece que a necesidade de conciliación do traballo e a familia foi formulado a nivel internacional e comunitario como unha condición vinculada de forma inequívoca á nova realidade social, o que presenta unha complexa problemática que debe abordarse, non só con reformas lexislativas, senón coa necesidade de promover adicionalmente servizos de atención ás persoas nun marco máis amplo de política familiar.

O Goberno da Xunta de Galicia, consciente da importancia de acadar un sólido equilibrio entre traballo e familia en interese de toda a sociedade, elaborou o Plan galego para a conciliación de vida laboral e familiar dos homes e das mulleres. Este plan será o instrumento que permita ir modificando as actuais estruturas sociais e recolle tódalas actuacións e medidas postas á disposición dos galegos, tanto polo Goberno central como pola Xunta de Galicia, para facer viable a harmonía entre o mundo laboral e as circunstancias persoais e familiares dos traballadores.

Coa finalidade de estimular e reconece-las empresas que promovan e realicen as accións que potencien un mundo laboral, que teña en conta os intereses da familia e coadxuven na conciliación da vida familiar e laboral, creouse o premio *A empresa en favor da familia*, polo Decreto 231/2000, do 29 de setembro, publicado no DOG nº 197, do 10 de outubro.

O obxectivo de incentivar os programas e proxectos de conciliación determina a necesidade de axilizar a fase procedemental, a través do novo proxecto normativo que facilite o maior número de programas para analizar.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de marzo de dous mil dous,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

Establece-lo premio *A empresa en favor da familia*, coa finalidade de estimular e reconece-las empresas que promovan e realicen as accións que potencien un mundo laboral que teña en conta os intereses da familia e coadxuven na conciliación da vida familiar e laboral.

##### Artigo 2º.-Destinatarios.

1. Poderán ser destinatarios do premio as persoas físicas ou xurídicas que exerzan calquera actividade mercantil na Comunidade Autónoma de Galicia e

teñan desenvolvido accións orientadas á protección da familia.

2. Valoraranse especialmente aquelas medidas ou propostas innovadoras que potencien as seguintes áreas:

-Horarios de traballo flexibles e personalizados de acordo coas necesidades das familias.

-Concesión de permisos parentais en épocas de especial necesidade, que posibiliten o coidado de membros dependentes da familia (nenos, anciáns ou minusválidos).

-Ampliación e flexibilización dos permisos existentes para atender familiares dependentes, de xeito que poida compartirse o seu coidado entre os distintos membros do grupo familiar.

-Creación de centros infantís nas empresas ou ampliación de servizos de axuda á infancia (horarios amplos, comedores infantís, actividades extraescolares...), de conformidade coa normativa vixente.

-Oferta de formación profesional para os empregados durante as baixas.

-Desenvolvemento das posibilidades de contratación de traballos a tempo parcial, incluídos postos de directivos.

-Oferta de traballos específicos para o persoal que consideren a diversidade das situacións familiares.

-Calquera outra proposta que sensibilice e potencie a responsabilidade dos axentes sociais, tanto empresarios como traballadores, de resolver axeitadamente os problemas dos traballadores con cargas familiares.

##### Artigo 3º.-Candidaturas.

1. Cada membro do xurado propoñerá candidaturas ó premio, xuntando unha memoria explicativa dos candidatos sobre os méritos de cada unha delas, que lles permita ós membros do xurado valorar cada proposta.

2. O xurado elixirá o premiado entre as candidaturas propostas polos seus membros, durante as súas sesións de traballo.

##### Artigo 4º.-O premio.

O premio *A empresa en favor da familia* dará dereito a un diploma acreditativo e unha placa conmemorativa.

O citado premio ten carácter exclusivamente honorífico e non leva consigo ningún tipo de dotación económica.

##### Artigo 5º.-Convocatoria.

O premio será convocado por orde da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e terá unha periodicidade anual. A citada orde establecerá os demais aspectos procedementais para a súa adxudicación.

Artigo 6º.-O xurado.

1. O exame das memorias e, se é o caso, a proposta do premio, corresponderalle a un xurado seleccionador que estará composto polos seguintes membros:

a) Presidenta: a directora xeral de Familia.

b) Vocais:

-O director de Fomento do Emprego.

-Dous representantes da Confederación de Empresarios de Galicia designados pola propia confederación.

-Un representante sindical pertencente ó sindicato máis representativo da Comunidade Autónoma de Galicia á data da publicación da respectiva orde da convocatoria.

-Un representante dunha asociación familiar designado polo Observatorio Galego da Familia.

-Un representante do Consello de Relacións Laborais designado polo citado consello.

-Un representante dos medios de comunicación, designado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

c) Secretario/a: o/a subdirector/a xeral de Familia.

2. A xuízo do xurado, o premio poderase declarar deserto. A decisión do xurado será inapelable.

Artigo 7º.-Concesión e entrega do premio.

1. A conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude outorgaralle, con carácter exclusivamente honorífico, o premio a aquela persoa física ou xurídica que, por proposta do xurado, sexa seleccionada. O acordo de concesión do premio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O nome do gañador será publicado e difundido nos medios de comunicación social que se determinen.

3. O premio imponseallo ó galardoado o presidente da Xunta de Galicia, se este non lle cede tal prerrogativa a outra autoridade ou persoa asistente ó acto. Este terá lugar na sede da Presidencia da Comunidade Autónoma, coa solemnidade apropiada, salvo que, á vista das circunstancias que concorran, o presidente determine lugar distinto.

#### *Disposición derogatoria*

Única.-Queda derogado o Decreto 231/2000, do 29 de setembro, polo que se crea o premio *A empresa en favor da familia*, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no presente decreto.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para convocar anualmente mediante orde o premio *A empresa en favor da familia* e dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de marzo de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Manuela López Besteiro  
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego,  
Muller e Xuventude

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 22 de febreiro de 2002 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.*

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio oral e escrito similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995 e 66/1997.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro individualmente ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo e do 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

Por todo isto, para asegura-los principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e para axudar a que eses equipos poidan levar a cabo aqueles proxec-